

## **NOTA DE PRENSA**

O Comité Executivo da Federación Galega de Comercio reunido recentemente en Lugo, quere facer as seguintes aclaracións respecto á Proposición non de Lei aprobada o pasado 14 de Maio polo Pleno do Parlamento de Galicia, en relación á adopción de medidas para a efectiva incorporación da lingua galega ao comercio:

- En primeiro lugar, a Federación Galega de Comercio, representante do sector comercial na Comunidade Autónoma Galega, **declárase firme defensora da promoción e uso da lingua galega no comercio**. De feito, a lingua galega é a utilizada por esta organización nas campañas de promoción do sector, así como no material editado, revista corporativa, portal institucional, comunicacións escritas, etc. Ademais, hai tempo que os comerciantes empregan o galego tamén nas solicitudes de axuda e escritos presentados perante a Administración Autonómica.
- Dito isto, considera que algúns dos argumentos esgrimidos polo deputado Bieito Lobeira na iniciativa presentada non se axustan á realidade, como sinalar como impedimento á incorporación do galego ao sector a existencia de prexuízos relativos á súa utilidade ou asociación a determinada posición social. Neste senso, a Federación Galega de Comercio quere amosar a súa desaprobación con esta afirmación e **defender que cada comerciante poda exercer a súa actividade na lingua que libremente elixa**, tal como contempla o noso Estatuto de Autonomía, tanto no que respecta á lingua empregada na atención aos seus clientes como á rotulación e sinalética do seu establecemento, sen ser acusado de prexulgar.
- Finalmente, cómpre lembrar, como ben se recolle na iniciativa presentada no Parlamento polo BNG, que o comercio galego achega o 13% do PIB galego e xera 100.000 empregos. **As axudas que recolle o sector do comercio parten desta riqueza xerada polo conxunto dos 61.000 establecementos existentes**, polo que dende a Federación Galega de Comercio considerase que **non se debería discriminar a ningún comerciante da súa concesión por motivo da lingua empregada**. A Administración debería centrar os seus esforzos en promocionar e garantir a competitividade dun sector clave para a economía e que neste momento ten problemas moito máis importantes que solucionar.

22 de Maio de 2008